

UN RELATO CURTO narra unha historia ficticia nun pequeno espazo de tempo, con poucos personaxes, con descripcións breves e escasas divagacións. Mostra o que ocorre e ensina a historia a través dunha acción estruturada, deixando que o lector deduza parte dos feitos e que se atope cun final inesperado.

## BASES

# X CERTAME DE RELATO CURTO

## CON PUBLICACIÓN

Os principais obxectivos deste certame son: fomentar a creatividade no alumnado, potenciar a expresión e comprensión escrita, estimular o uso do galego nas familias, facilitar as posibilidades de publicación a novos creadores/as, apoiar os escritores/as noveis e afecionados/as, crear un espazo común e familiar para a creación literaria.

**1.º** Os relatos deberán ser orixinais, inéditos, non premiados noutros certames, de temática libre e escritos en lingua galega. Cando se promovan dende os colexios e institutos, serán descartados os grupos de relatos de temática semellante.

**2.º** Poderán presentarse todos os alumnos e alumnas dos centros públicos da provincia de Pontevedra de primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional. Tamén poderán presentarse as persoas adultas (familiares, profesorado e alumnado universitario dos campus de Pontevedra e Vigo).

**3.º** Cada autor/a só poderá presentar un relato que terá unha extensión mínima de 200 palabras e máxima de 300.

**4.º** O relato presentarase en ficheiros de formato de texto editable (.doc, .docx, .odt ou PDF híbrido) en <http://certame.nontedurmas.org/> onde se remitirán mediante o formulario en liña disponible. Só no caso de grupos escolares, poderase enviar o conxunto de relatos como anexo ao enderezo de correo electrónico: [certame.relatocurto@nontedurmas.org](mailto:certame.relatocurto@nontedurmas.org)

**5.º** Enviarase un único ficheiro para cada participación, constando de dúas páxinas, co seguinte formato:

a. O nome do ficheiro será o título do relato

b. A primeira páxina conterá:

- O título do relato
- O relato
- O pseudónimo utilizado
- A categoría (primaria, secundaria, bacharelato/formación profesional ou adultos).

c. A segunda páxina conterá:

- O título do relato e o pseudónimo co que se presenta
- O nome e apelidos reais do autor
- O curso actual, no caso dos alumnos.
- O centro escolar co que está relacionado, para todos os participantes
- Correo electrónico vinculado co participante (propio ou do representante)
- Teléfono de contacto

**6.º** O prazo de envío dos relatos orixinais finalizará o 18 de marzo de 2024.

**7.º** A selección do xurado, formado por filólogos, escritores e/ou profesores e representantes de Kalandraka Editora, terá dúas fases. Na primeira fase seleccionarán os 120 mellores relatos de entre todos os presentados e que formarán parte do libro. Esta selección de 120 finalistas darase a coñecer no mes de maio de 2024. Nunha segunda fase o xurado destacará 20 dos relatos finalistas e escollerá de entre eles o gañador de cada categoría (primaria, secundaria, bacharelato/FP e adultos). O resultado desta escolla só se dará a coñecer no acto de entrega de premios, que terá lugar no mes de xuño.

**8.º** Os premios serán os seguintes:

- Para o **gañador/a** de cada categoría (primaria, secundaria, bacharelato/formación profesional e adultos): un vale de 200 euros, un lote de libros de Kalandraka, un xogo e unha lámina autenticada polo ilustrador homenaxeado nesta convocatoria, Kiko da Silva.
- Para os **20 autores finalistas destacados**: un obradoiro de creación literaria que impartirá no mes de xuño a escola de escritores da Asociación de Escritores en Lingua Galega.
- Para os **120 autores finalistas**: un libro colectivo cos seus relatos e co relato feito expresamente para o certame polo escritor homenaxeado, nesta edición é Xosé Monteagudo Folgar.
- Tanto os relatos gañadores coma todos os finalistas publicaranse tamén no *Diario de Pontevedra* durante as vacacións de verán.

**9.º** A obra será propiedade da entidade organizadora, polo que os autores e autoras aceptan ceder todos os seus dereitos e a corrección gramatical e léxica para a súa publicación.

**10.º** Os premios poderán quedar desertos se non se alcanza unha calidade mínima, incluída a publicación do libro colectivo. As decisións adoptadas polo xurado serán inapelables en todos os casos.

**11.º** A participación no certame implica a aceptación das bases e a súa interpretación é responsabilidade da organización do certame.

**12.º** Os datos persoais incluídos neste certame só serán coñecidos pola organización do concurso, quen garante o anonimato dos autores e autoras dos relatos durante todo o proceso de selección e deliberación do xurado, e serán obxecto de tratamento automatizado no ficheiro da Federación, cuxa finalidade é a xestión e control dos premios concedidos polo xurado. Os seus datos persoais non serán comunicados ou cedidos a terceiros. O interesado ou interesada poderá revogar o seu consentimento así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo de correo: [certame.relatocurto@nontedurmas.org](mailto:certame.relatocurto@nontedurmas.org)